

XORNADA

O ano internacional do sistema periódico: reflexións dende Galicia

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Xoves, 14 de marzo de 2019

07]	3	4	5	6	7	8	9
	21 Sc escandio	23 V vanadio	24 Cr cromo	25 Mn manganeso	26 Fe ferro	27 Co cobalto	
	40 Zr circonio	41 Nb niobio	42 Mo molibdeno	43 Tc tecnecio	44 Ru rutenio	45 Rh rodio	46 Pd paladio
57-71 lantanoideos	72 Hf hafnio	73 Ta tántalo	74 W volframio	75 Re renio	76 Os osmio	77 Ir iridio	78 Pt platino
86-103 actinoideos	104 Rf rutherfordio	105 Db dubnio	106 Sg seborgio	107 Bh bohrio	108 Hs hassio	109 Mt meitnerio	110 Ds darmstadtio
57 La	58 Ce	59 Pr	60 Nd	61 Pm	62 Sm	63 Eu	64 Gd

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

O ano 2019 foi declarado Ano Internacional do Sistema Periódico polas Nacións Unidas para conmemorar os 150 anos da publicación, por Dimitri Mendeleev, da súa táboa periódica. Ao fío desta efeméride, a Sección de Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade do Consello da Cultura Galega, en colaboración co grupo de investigación CienciaNosa e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, considera oportuno facer unha profunda reflexión sobre tan importante e transcendente acontecemento. Pretende realizar unha chamada á sociedade e facer deste ano un ano frutífero para toda a ciencia galega.

En 1869 Mendeleev publicaba a súa célebre táboa periódica, na que establecía a súa ordenación dos elementos químicos até entón coñecidos. Isto marcaría un punto de gran relevancia na historia da ciencia xa que, aínda hoxe, se segue a utilizar para facer e construír a química. Por isto, as Nacións Unidas queren conmemorar tan singular acontecemento co obxectivo de que os membros da nosa sociedade, sobre todo os máis novos, coñezan e recoñezan a súa extraordinaria importancia para a ciencia. Tamén, para lembrarlle á sociedade a transcendencia que teñen no mundo actual as ciencias experimentais en xeral e a química en particular. Deste xeito, procuran destacar o papel desempeñado pola química no pasado e subliñar a súa contribución na resolución de todos os problemas que ten a nosa humanidade.

Esta xornada ten como finalidade analizar cal foi o papel desempeñado pola táboa periódica na historia da ciencia e canto achega, na actualidade, o seu coñecemento na formación dos compostos preparados cos elementos químicos que integran este instrumento valioso. Tamén pretende presentar a táboa periódica dun xeito didáctico e lúdico pero, ao tempo, rigoroso para que o alumnado chegue a comprender a súa transcendencia e a valorar, dunha maneira doada, o seu uso e a súa importancia na aprendizaxe da química.

PROGRAMA

Sesión da mañá

09:45 horas
Inauguración

10:00 horas
Relatorios

A nucleosíntese dos elementos químicos do sistema periódico

Xabier Cid Vidal, investigador Ramón y Cajal. Instituto Galego de Física de Altas Enerxías, USC

As predicións de Mendeleev no sistema periódico e a súa utilidade na aula hoxe

Ana González Noya, profesora titular do Departamento de Química Inorgánica, USC

A importancia do xénero no sistema periódico

María Xosé Romero, profesora axudante doutora no Departamento de Didácticas Aplicadas, USC

11:30 horas
Pausa

12:00 horas
Presentación da táboa periódica en galego e do libro *Guía dos elementos químicos* de Manuel R. Bermejo, Ana M^a González Noya e Marcelino Maneiro

12:45 horas
Relatorios

Os elementos químicos máis recentes do sistema periódico

Marcelino Maneiro Maneiro, profesor titular do Departamento de Química Inorgánica, USC

O sistema periódico na didáctica dunha aula de química

Manuel R. Bermejo Patiño, catedrático emérito da USC

Sesión da tarde

16:30 horas
Relatorios

A clasificación dos elementos no ensino da química en Galicia no s. XIX

Ramon Cid Manzano, IES de Sar, Santiago de Compostela / Departamento de Didácticas Aplicadas, USC

Divulgar o sistema periódico hoxe

Manuel Vicente, divulgador científico @efervesciencia

Mercurio: un elemento con moitas facianas

Sergio Casas Fernández, catedrático xubilado de Química Inorgánica, USC

18:00 horas
Relatorios

O sistema periódico: uns elementos con moita música

Isabel Pintos Barral, licenciada en Química, USC

A táboa periódica POP

Ánxela Gómez Doval, profesora doutora no IES Sanxillao, Lugo

Xosé Vázquez Tato, profesor doutor na Facultade de Ciencias, Campus de Lugo, USC

19:00 horas
Peche da xornada

ORGANIZA

Sección de Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade
Consello da Cultura Galega

COLABORA

Secretaría Xeral de Política Lingüística
CienciaNOSA

COORDINA

Manuel R. Bermejo Patiño
Ana González Noya
Marcelino Maneiro Maneiro

LUGAR

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>



COLABORA



**XUNTA
DE GALICIA**

